

# PLAN DE EMPREGO XUVENIL

## 2017



## ÍNDICE

<b>I. PRESENTACIÓN .....</b>	<b>5</b>
<b>II. METODOLOXÍA DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN .....</b>	<b>6</b>
<b>III. PLAN DE EMPREGO XUVENIL.....</b>	<b>11</b>
1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS .....	11
2. CONTEXTUALIZACIÓN SOCIOECONÓMICA E LABORAL DA MOCIDADE NO MUNICIPIO .....	14
2.1. DATOS DEMOGRÁFICOS .....	14
2.2. ANÁLISE DO NIVEL FORMATIVO DA MOCIDADE .....	15
2.3. ACTIVIDADE E TECIDO EMPRESARIAL .....	16
2.4. DIAGNÓSTICO SOCIOLABORAL .....	17
3. INFRAESTRUTURAS E RECURSOS DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO E EMPRESA .....	22
4. MATRIZ DAFO .....	24
5. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN DE EMPREGO XUVENIL .....	29
5.1. EIXE I. PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....	31
5.2. EIXE II. DIAGNOSE SOCIO-ECONÓMICA E PROSPECCIÓN LABORAL .....	33
5.3. EIXE III. CALIDADE E INNOVACIÓN .....	34
5.4. EIXE IV. PROMOCIÓN DO EMPREGO .....	37
5.5. EIXE V. PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO .....	40
5.6. EIXE VI. COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL .....	43
5.7. EIXE VII. ESTRATEXIA TRANSVERSAL .....	44
5.8. EIXE VIII. RESPONSABILIDADE SOCIOLABORAL .....	45
6. MATRIZ DE OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN. INDICADORES DE AVALIACIÓN .....	47
7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN .....	48
8. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DO PLAN .....	49
9. MEMORIA ECONÓMICA.....	50
10. CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN .....	52



## I. PRESENTACIÓN

O Plan de Emprego Xuvenil, impulsado pola Concellería de Emprego e Economía Social do Concello de A Coruña, configúrase coa finalidade de tratar de xeito específico a problemática que atopan os mozos e mozas de 16 a 30 anos do municipio para a súa inserción no mercado de traballo, loitar contra a súa precariedade laboral e fomentar o emprendemento da xuventude. Nel establécense os eixes estratéxicos de actuación, así como as distintas liñas e medidas a poñer en marcha para o logro dos seus obxectivos operativos.

As oportunidades de emprego que se presentan no mercado laboral non se distribúen de igual modo entre todas as persoas que se encontran en situación de desemprego, senón que está moi relacionado con colectivos especialmente desfavorecidos e persoas con dificultades de inserción laboral.

No caso dos mozos e mozas, a idade e a pouca experiencia laboral son factores determinantes na súa empregabilidade. A isto hai que sumarlle, unha importante parte destes mozos/as que aínda non tiveron a súa primeira experiencia de traballo e entran a formar parte do círculo vicioso de que as empresas non os/as contratan por non ter experiencia. Outra parte importante teñen estudos sen rematar ou formación insuficiente para afrontar os requirimentos do mercado de traballo, repercutindo na súa inserción laboral.


Tamén a precariedade laboral é un factor característico do emprego xuvenil e retrasa a súa emancipación: temporalidade, contratos a tempo parcial, subemprego para persoas mozas máis formadas, baixa retribución salarial para a mocidade con formación media.

O desemprego xuvenil, os rexeitamentos ou impedimentos que atopan na busca dun posto de traballo e as condicións do primeiro emprego, leva tamén a algúns mozos e mozas á desmotivación cara o emprego, perda de confianza e abandonar a busca de emprego, vendo soamente a emigración a outra rexión ou país como unha saída laboral. Experimentar isto a unha idade temperá, supón unha ameaza nas súas perspectivas laborais futuras e marcarlle, en xeral, na súa evolución profesional.

Por esta razón, o Goberno Local, a través deste Plan, con medidas e actuacións estratéxicas a desenvolver ao longo de tres anos, busca contribuír na eliminación ou redución dos obstáculos laborais que se atopa a xuventude do municipio para a súa incorporación ao emprego, a mellora do seu emprego e o impulso do emprendemento xuvenil.

## II. METODOLOXÍA DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN

Para a elaboración do Plan de Emprego Xuvenil seguiuise unha metodoloxía baseada na consulta de fontes documentais e a combinación de distintas técnicas primarias de investigación: entrevistas a expertos/as e axentes clave do ámbito de emprego e emprendemento e o traballo coa xuventude e unha xornada de traballo participativa na que ademais destes axentes, participaron tamén as persoas destinatarias do Plan: os mozos e mozas do municipio de A Coruña.



Recóllense a continuación as fontes documentais consultadas para a contextualización da situación de partida, antes de describir as técnicas primarias de investigación empregadas no deseño do Plan:

- ✓ Datos estatísticos do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Instituto Nacional de Estadística (INE) e outras fontes.
- ✓ Informes municipais (“Mocidade de 16 a 29 anos na cidade. Relación co mercado laboral”, Plan Municipal de Emprego e Economía Social, Plan de Acción do Pacto Local polo Emprego).
- ✓ Estratexia Española de Activación para o Emprego 2014-2016.
- ✓ Axenda 20 para o emprego da Xunta de Galicia. 2016.
- ✓ Outros documentos de interese.

### ❖ Entrevistas a expertos/as e axentes clave do sector

A finalidade da entrevista foi obter unha diagnose da situación actual da xuventude herculina no mercado laboral, as súas tendencias no municipio e na súa contorna, necesidades empresariais e formativas detectadas no mercado, onde emprender e, en xeral, coñecer a realidade dos mozos e mozas na inserción laboral no concello de A Coruña.

Realizáronse **10 entrevistas en profundidade a persoas expertas e axentes clave** en materia de emprego, emprendemento e xuventude, escollidas polo seu grado de coñecemento a nivel profesional nos seguintes ámbitos:

- Persoal técnico municipal (do Servizo de Emprego e Empresa).
- Deputación de A Coruña.
- Universidade de A Coruña (OTRI, Observatorio Ocupacional e docentes de Socioloxía e Psicopedagogía).

- Asociacións empresariais e sindicais (AJE Coruña, CCOO).
- Cruz Vermella Coruña.
- Experto en emprendemento con mozos e mozas.

#### ❖ Xornada de traballo participativa

Coa finalidade de profundar na información recompilada a través doutras técnicas de investigación, organizouse unha xornada de traballo participativa, na que participaron distintos expertos/as e axentes clave do ámbito público, académico, asociacións e fundacións relacionados/as co emprego, emprendemento e xuventude e tamén a poboación destinataria do Plan, os mozos e mozas de A Coruña (demandantes de emprego e emprendedores/as).

A xornada celebrouse nunha queda de tarde e organizouse en dúas sesións de traballo, nas que as persoas participantes foron distribuídas en tres grupos de traballo para a aplicación das distintas dinámicas grupais para tratar os temas expostos.







# PLAN DE EMPREGO XUVENIL |



### III. PLAN DE EMPREGO XUVENIL

#### 1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

##### Obxectivo xeral

Mellorar e favorecer o acceso ao emprego das persoas mozas de 16 a 30 anos desempregadas, sexa por conta allea ou propia, manter o emprego e fomentar o emprendemento xuvenil no municipio.

##### Obxectivos específicos

- Coordinar esforzos e promover a cooperación do Concello co resto de entidades, axentes e colectivos sociais e económicos que integran o Pacto Local para o Emprego para o fomento e impulso do emprego e o emprendemento xuvenil.
- Impulsar a colaboración coas distintas entidades e axentes sociais e económicos que desenvolvan proxectos no ámbito do emprego e o emprendemento xuvenil, fortalecendo as liñas estratéxicas do plan.
- Impulsar o Observatorio Municipal de Emprego e Emprendemento con estudos enfocados cara a xuventude, ofrendo ao Servizo municipal de Emprego e Empresa, así como á área de Xuventude información sobre barreiras específicas que atopan no mercado de traballo os mozos e mozas de 30 anos ou menos e as medidas e actuacións específicas para neutralizalas.
- Coñecer e medir o impacto dos servizos municipais de emprego, intermediación laboral, formación e orientación para o emprego e emprendemento desde o enfoque dos mozos e mozas da cidade.
- Promover a visibilidade da xuventude no plan de comunicación municipal e mellorar a difusión dos servizos e recursos do Concello a disposición dos mozos e mozas.
- Reforzar o equipo técnico do Servizo municipal de Emprego e Empresa co número de efectivos suficientes e apoiar a súa estabilidade e reciclaxe de coñecementos e procedementos de traballo en torno a xuventude para ofrecer servizos de calidade en materia de emprego e emprendemento dos mozos e mozas.
- Reforzar a coordinación entre as áreas municipais do Concello para lograr con éxito o fomento do emprego e emprendemento da xuventude.
- Axudar aos mozos e mozas no descubrimento das profesións novas ou máis demandadas no mercado laboral e guiarlles no autocoñecemento das súas competencias e habilidades persoais para poder reconducirles cara o seu futuro traballo.
- Mellorar os itinerarios integrais de emprego con enfoque nas necesidades da mocidade e as súas habilidades persoais e capacitación laboral para impulsar a súa empregabilidade,

con prioridade aos colectivos con dificultades de inserción laboral e en risco de exclusión social.

- Axudar aos mozos e mozas sen ningunha ou pouca experiencia laboral a obter o seu primeiro emprego e aumentar as súas oportunidades de acceso ao mercado de traballo.
- Mellorar e impulsar a contratación dos mozos e mozas do municipio. e fomentar entre as empresas a súa contratación, con prioridade á xuventude de colectivos con maiores dificultades de inserción laboral ou en risco de exclusión social.
- Difundir a cultura emprendedora entre a poboación moza, motivando á xuventude do municipio e apoiarlles con accións que estimulen as iniciativas emprendedoras na mocidade.
- Mellorar os itinerarios integrais de emprendemento con enfoque nas necesidades da mocidade e as súas habilidades persoais e capacitación laboral para impulsar o seu emprendemento.
- Fomentar a creación de iniciativas empresariais xuvenís nos sectores estratéxicos locais, visibilizando á poboación xuvenil emprendedora en sectores punteiros para o municipio.
- Realizar accións encamiñadas a axudar ao emprendemento de mozos e mozas.
- Impulsar o acceso da xuventude do municipio de 30 anos ou menos nos programas interinstitucionais de inserción laboral recollidos no Plan Municipal de Emprego e Economía Social, priorizando aos mozos e mozas en risco de exclusión social e con dificultades de acceso ao mercado de traballo.
- Colaborar e participar en proxectos supramunicipais cos distintos axentes, entidades e colectivos sociais e económicos do municipio e a súa contorna que inflúen de maneira directa e indirecta na inserción laboral e o emprendemento xuvenil.
- Impulsar a perspectiva xuvenil nas estratexias transversais do plan de emprego que permitan a xeración e mellora do emprego da xuventude.
- Realizar accións, en coordinación coa área de Xuventude, encamiñadas a sensibilizar e concienciar ás empresas na contratación de mozos e mozas, o aproveitamento do talento xuvenil e a eliminación das desigualdades da idade e da experiencia laboral nas condicións de traballo.
- Difundir e visibilizar a situación do emprego e emprendemento da xuventude no municipio nun evento anual, a través da programación dunha serie de actividades.

As directrices deste Plan van dirixidas a:

- Continuar apoiando e acompañando ás persoas mozas desempregadas no proceso de busca de emprego, potenciando e mellorando os servizos de información, asesoramento, intermediación, formación e deseño de itinerarios profesionais para proporcionarlles as

orientacións, técnicas, ferramentas e habilidades necesarias para que dita busca sexa eficiente e adaptada ás súas capacidades e ás características do mercado de traballo actual.

- Prestar atención especial aos colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, como son todas aqueles en risco de exclusión e vulnerabilidade social, dándolles prioridade en todas as accións propostas e deseñando accións especificamente dirixidas cara eles.
- Complementar a competencia profesional e persoal da xuventude, mellorando os seus coñecementos e habilidades, de forma que se mellore a súa empregabilidade e a súa inserción laboral.
- Apoiar o achegamento entre os mozos/as e as empresas, especialmente da xuventude que busca o seu primeiro emprego, establecendo accións e programas concretos.
- Continuar fomentando e apoiando o autoemprego, o cooperativismo e a cultura emprendedora xuvenil, asesorando e acompañando ás persoas emprendedoras mozas na posta en marcha de novas ideas empresariais e apoiando as iniciativas locais de emprego.
- Asistir ao tecido empresarial local para xestionar adecuadamente a súa empresa desde a creación de emprego de calidade e a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras, así como apoialo na adaptabilidade das empresas e a súa renovación para manter ou ampliar a súa actividade.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN SOCIOECONÓMICA E LABORAL DA MOCIDADE NO MUNICIPIO

### 2.1. DATOS DEMOGRÁFICOS

Considérase para a contextualización aos mozos e mozas de 16 a 30 anos, poboación que no municipio de A Coruña é de 31.333 persoas a 1 de xaneiro de 2016, representando o 12,8% da poboación total do concello (243.978 persoas) e o 20,3% da poboación de 16 a 64 anos (154.565 persoas), segundo o Padrón Municipal de Habitantes do Instituto Galego de Estatística (IGE).


Na mocidade do municipio existe certa equidade por sexos (50,1% homes, 49,9% mulleres), sendo o grupo de 26 a 30 anos o de maior representatividade (39,2%), seguido do de 21 a 25 anos (32,2%) e do de 16 a 20 (28,6%). Soamente no de 26 a 30 anos as mulleres superan aos homes.

Táboa 1. Poboación de 16 a 30 anos no concello de A Coruña. Ano 2016

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
<b>Poboación de 16 a 30 anos</b>	<b>31.333</b>	<b>15.703</b>	<b>15.630</b>
<b>% Poboación 16 a 30 anos sobre total poboación</b>	12,8%	13,9%	12,0%
<b>% Poboación 16 a 30 anos sobre poboación 16 a 64 anos</b>	20,3%	33,3%	29,8%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes do IGE

Gráfica 1. Poboación de 16 a 30 anos no concello de A Coruña por sexo e grupos de idade. Ano 2016



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes do IGE

Analizando varios indicadores demográficos, obsérvase na táboa 2 que o índice de envelhecimento<sup>1</sup> no municipio é 146,1 (número de persoas de 65 ou máis anos no ano 2016 por cada 100 mozos/as de menos de 20). Este dato está por debaixo da media galega pero por riba do dato na súa comarca e é maior no caso das mulleres, o que indica un maior envelhecimento da poboación feminina. No caso do índice de recambio de poboación en idade activa<sup>2</sup>, este acada

<sup>1</sup> Número de persoas de máis de 64 anos en relación co número de menores de 20.

<sup>2</sup> Relación entre a poboación de 60 a 64 anos e a de 15 a 19 anos.

o 174,2, superando o dato a nivel comarcal e galego. Este mide a capacidade de substitución da poboación activa, o que indica unha maior capacidade de renovación xeracional no municipio.

**Táboa 2. Indicadores demográficos. Ano 2016**


	Galicia	Comarca*	Municipio de A Coruña		
	Ambos sexos	Ambos sexos	Ambos sexos	Mulleres	Homes
<b>Índice de envellecemento</b>	153,7	125,2	146,1	180,7	112,9
<b>Índice de recambio da poboación en idade activa</b>	161,6	153,7	174,2	203,8	146,8

\*Comarca de A Coruña: Abegondo, Arteixo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada

Fonte: elaboración propia a partir de datos de Indicadores demográficos do IGE

Atendendo a evolución da poboación xuvenil de 16 a 30 anos nos últimos dez anos, experimentou un descenso continuo desde o ano 2007, coa perda de 661 mozos e mozas no 2016 respecto o ano anterior e de 3.630 nos últimos tres anos. Isto reflicte unha taxa de variación interanual do -2,1% no ano 2016, fronte ao -0,6% da poboación de 16 a 64 anos. A perda de poboación moza é maior no grupo de 26 a 30 anos (616 menos no ano 2016), mentres que aumentou na poboación de 16 a 20 anos (112 mozos/as máis).

**Gráfica 2. Evolución da poboación xuvenil no concello de A Coruña (nº de habitantes). Período 2007-2016**



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes do IGE

## 2.2. ANÁLISE DO NIVEL FORMATIVO DA MOCIDADE

O 45,5% da poboación moza herculina ten no ano 2011, segundo o Censo de Poboación e Vivendas 2011 do INE, estudos de formación profesional ou bacharelato e o 25,6% estudos de nivel superior. Detéctase un 6,5% da xuventude do municipio que non ten estudos de ningún tipo, aínda que foran a escola 5 ou máis anos (2.285 mozos/as no ano 2011). 1 de cada 4 destes mozos e mozas ten 26 a 30 anos.

**Táboa 3. Poboación xuvenil no concello de A Coruña segundo nivel de estudos e grupos de idade. Ano 2011**

	Total	16 a 20 anos	21 a 25 anos	26 a 30 anos	Distribución (%) 16 a 30 anos
<b>Mozos/as de 16 a 30 anos</b>	35.325	9.080	10.630	15.615	100%
Foi á escola 5 ou máis anos pero non obtivo a titulación	2.285	1.070	590	625	6,5%
ESO/EXB/Bacharelato Elemental/Certificado de Escolaridade/Estudios Primarios	7.920	3.730	1.840	2.350	22,4%
Bacharelato/BUP/Bacharelato Superior/COU/PREU	9.840	3.955	3.550	2.335	27,9%
FP medio, FP I, Oficialía Industrial ou equivalente, Grao Medio de Música e Danza, Certificados de Escolas Oficiais de Idiomas	2.610	180	960	1.470	7,4%
FP superior, FP II, Mestría industrial ou equivalente	3.620	0	1.140	2.480	10,2%
Diplomatura universitaria, Arquitectura Técnica, Enxeñaría Técnica ou equivalente	3.600	145	1.270	2.185	10,2%
Grado universitario ou equivalente	405	0	220	185	1,1%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría ou equivalente	4.135	0	875	3.260	11,7%
Mestrado oficial universitario (desde 2006), especialidades médicas ou análogas	910	0	185	725	2,6%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Censo de Poboación e Vivendas do INE

### 2.3. ACTIVIDADE E TECIDO EMPRESARIAL

Segundo o Directorio de empresas e unidades locais do IGE, no ano 2015 existen 21.601 empresas implantadas no municipio de A Coruña, sen contar as explotacións do sector agrogandeiro. Representan o 62,7% da comarca, o 21,4% da provincia e o 8,8% de Galicia e veñen representadas principalmente polas micropemes (96% do total), das que o 67% non teñen ningún asalariado/a e o 18,8% entre 1 e 2.

Prodúcese un aumento de empresas do 1,4% respecto o ano anterior (300 empresas máis), sobre todo sen persoas asalariadas.

**Táboa 4. Tamaño das empresas no concello de A Coruña segundo estrato de asalariados/as. Anos 2014-2015**

	2014	2015	% variación número empresas do 2015 s/2014	Distribución (%) empresas 2015 por estrato asalariados/as
<b>Total</b>	<b>21.301</b>	<b>21.601</b>	<b>1,4%</b>	100%
<b>sen asalariados</b>	14.142	14.462	2,3%	67%
<b>de 1 a 2 asalariados</b>	4.139	4.069	-1,7%	18,8%
<b>de 3 a 5 asalariados</b>	1.509	1.548	2,6%	7,2%
<b>de 6 a 9 asalariados</b>	625	648	3,7%	3%
<b>de 10 a 19 asalariados</b>	469	462	-1,5%	2,1%
<b>de 20 a 49 asalariados</b>	270	265	-1,9%	1,2%



de 50 a 99 asalariados	73	74	1,4%	0,3%
de 100 a 249 asalariados	46	45	-2,2%	0,2%
de 250 a 499 asalariados	16	17	6,3%	0,1%
500 ou máis asalariados	12	11	-8,3%	0,1%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Directorio de empresas e unidades locais do IGE

A Coruña é un concello no que o sector servizos xoga un papel fundamental no desenvolvemento económico e empresarial da zona, concentrando no ano 2015 o 83,4% das empresas localizadas no concello (18.019). Por un lado a través das actividades de comercio, actividades profesionais, científicas e técnicas e a hostalaría, cunha importante presenza no municipio (22,4%, 17,6% e 8,7% respectivamente) e por outro lado, mediante as actividades ligadas ao turismo de lecer e ao mar e o porto, como municipio costeiro que é A Coruña. Tamén son sectores tractores do municipio o sector loxístico, sanitario e téxtil. Pola súa parte o sector da construción acapara o 11,7% das empresas locais.

## 2.4. DIAGNÓSTICO SOCIOLABORAL

- **Contratos e afiliacións á Seguridade Social dos mozos e mozas do municipio. Relación coa actividade**

Segundo datos do SEPE, no ano 2016 rexistráronse 43.172 contratos a mozos e mozas de 16 a 29 anos no municipio de A Coruña (36% do total de contratos).

En relación ao número medio de afiliacións á Seguridade Social, rexistráronse 8.329 afiliacións de mozos e mozas residentes no concello (sen incluír aos de 30 anos), o que representa o 10% da poboación afiliada de 16 a 64 anos.


**Táboa 5. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral dos mozos e mozas residentes no concello de A Coruña por sexo e idade. Media anual 2016**

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	% sobre o total de poboación residente de 16 a 64 anos
<b>Mozos/as de 16 a 29 anos</b>	8.329	4.414	3.915	<b>10,0%</b>
<b>Menos de 20 anos</b>	195	97	98	<b>0,2%</b>
<b>20 a 24 anos</b>	2.271	1.172	1.099	<b>2,7%</b>
<b>25 a 29 anos</b>	5.863	3.145	2.718	<b>7,0%</b>
<b>Total poboación 16 a 64 anos</b>	83.381	43.151	40.230	<b>100,0%</b>

Fonte: elaboración propia a partir de estatísticas do Banco de datos municipal do IGE

Como se recolle na seguinte gráfica, a evolución das afiliacións á Seguridade Social tanto dos mozos coma das mozas residentes no concello, tomando como referencia os datos dos meses de decembro, segue una evolución decrecente ata o ano 2014, punto de inflexión a partir do que o número de afiliacións crece, aínda que estes datos veñen repercutidos pola tempada do mes de referencia analizado.

**Gráfica 3. Evolución das afiliacións á Seguridade Social en alta laboral dos mozos e mozas residentes no concello de A Coruña por sexo. Datos a decembro do período 2011-2016**



Fonte: elaboración propia a partir de estatísticas do Banco de datos municipal do IGE

Para analizar a relación da poboación moza do municipio coa actividade económica tómasse como referencia os datos de afiliacións á Seguridade Social e os datos do paro xuvenil rexistrado. Como se recolle na táboa 6, no ano 2016 contabilízanse no concello de A Coruña 10.701 mozos/as de 16 a 29 anos activos/as (que traballan ou buscan emprego), representando o 9% da poboación activa no municipio.


Estes datos reflicten unha taxa de actividade xuvenil do 37,4%, sendo maior nas mulleres que nos homes (ver gráfica 4). A taxa de ocupación acada o 29,1%, mentres que a taxa de paro xuvenil é do 22,2%, superando en 1,6 puntos a taxa dos mozos á das mozas.

**Táboa 6. Poboación de 16 a 29 anos no concello de A Coruña por sexo e relación coa actividade económica. Ano 2016**

	Ambos sexos	Mulleres	Homes
<b>Mozos/as de 16 a 29 anos</b>	28.597	14.278	14.319
<b>Poboación xuvenil activa</b>	10.701	5.617	5.084
<b>Poboación xuvenil ocupada (segundo afiliacións á Seg. Social)</b>	8.329	4.414	3.915
<b>Poboación xuvenil parada (paro rexistrado)</b>	2.372	1.203	1.169
<b>Poboación xuvenil inactiva</b>	17.896	8.661	9.235

Fonte: elaboración propia a partir de datos do SEPE e o Banco de datos municipal do IGE

**Gráfica 4. Indicadores de actividade económica<sup>3</sup> da poboación de 16 a 29 anos no concello de A Coruña por sexo. Ano 2016**



Fonte: elaboración propia a partir de datos do SEPE e o Banco de datos municipal do IGE

- Análise desagregada do paro xuvenil**

O paro xuvenil rexistrado no concello de A Coruña no ano 2016 é de 2.372 mozos/as desempregados/as menores de 30 anos (o 12,3% das 19.300 persoas sen emprego no concello), segundo datos da ficha municipal do IGE. A distribución por sexo do paro presenta unha porcentaxe maior nos mozos de menos de 25 anos que nas mozas.

**Táboa 7. Desemprego xuvenil no concello de A Coruña por sexo e idade. Ano 2016**

	Ambos sexos	Mulleres	Homes	% sobre o total de poboación de 16 a 64 anos parada
<b>Mozos/as de 16 a 29 anos</b>	2.372	1.203	1.169	<b>12,3%</b>
16 a 19 anos	183	83	100	0,9%
20 a 24 anos	677	332	345	3,5%
25 a 29 anos	1.512	788	724	7,8%
<b>Total poboación 16 a 64 anos</b>	19.300	10.509	8.791	<b>100,0%</b>

Fonte: elaboración propia a partir de estatísticas do Banco de datos municipal do IGE


Por nivel de estudos (ver gráfico 5 e táboa 8, datos a decembro de 2016), o maior número de mozos e mozas de 16 a 29 anos demandantes de emprego son aqueles/as con menor nivel de estudos, así o 47,3% (1.025 mozos/as) non teñen o ensino obrigatorio rematado (ESO), tendo algo máis da metade deste grupo de 25 a 29 anos (52,5%, 538). Isto indica un importante número de mozos/as parados/as do municipio que abandonou os estudos.

No caso da mocidade parada con titulación universitaria, dous de cada tres son mulleres. Neste dato repercute o feito de que as mulleres continúan os seus estudos e acadan un nivel formativo

<sup>3</sup> Taxa de actividade = Poboación activa / Poboación 16 a 29 anos\*100 ; Taxa de ocupación = Poboación ocupada / Poboación 16 a 29 anos\*100 ; Taxa de paro= Poboación en paro / Poboación activa\*100

maior que os homes. Por idade, é o grupo de 25 a 29 anos o que representa o maior número de mozos/as universitarios/as desempregados/as no concello (81,5%).

**Gráfica 5. Distribución do paro xuvenil rexistrado no concello de A Coruña por nivel académico. Decembro 2016**



Fonte: elaboración propia a partir de indicadores de emprego do Instituto Galego das Cualificacións

**Táboa 8. Desemprego xuvenil no concello de A Coruña por nivel académico e grupo de idade. Decembro 2016**

	Ata Certificado de escolaridade	Ensino obrigatorio	Formación Profesional	BUP/Bacharelato Superior/COU	Titulación universitaria	Total
<b>Mozos/as de 16 a 29 anos</b>	<b>1.025</b>	<b>306</b>	<b>306</b>	<b>176</b>	<b>356</b>	<b>2.169</b>
16 a 19 anos	145	16	0	11	0	172
20 a 24 anos	342	92	57	42	66	599
25 a 29 anos	538	198	249	123	290	1.398

Fonte: elaboración propia a partir de indicadores de emprego do Instituto Galego das Cualificacións

Por sector de actividade, como se recolle na seguinte táboa, a maior proporción de persoas mozas paradas están rexistradas no sector servizos (64,6%), destacando hostalaría e en actividades administrativas e servizos auxiliares, seguido daquelas que buscan o seu primeiro traballo (27,7%). Estes datos están determinados polo grupo de idade, de modo que mentres o 43,3% da mocidade parada e que busca un primeiro emprego ten de 20 a 24 anos, o 85,3% dos mozos e mozas parados/as de A Coruña de 25 a 29 anos xa tiveron un emprego anterior. Por outro lado, o 20,2% da xuventude desempregada de 16 a 19 anos xa tivo un emprego antes e este foi no sector servizos, principalmente na hostalaría.


**Táboa 9. Desemprego xuvenil no concello de A Coruña por sector de actividade e grupo de idade. Decembro 2016**

	Mozos/as de 16 a 29 anos	% columna			% fila		
		16 a 19 anos	20 a 24 anos	25 a 29 anos	16 a 19 anos	20 a 24 anos	25 a 29 anos
<b>Agricultura/Pesca</b>	1,5%	0,0%	1,3%	1,8%	0,0%	24,2%	75,8%
<b>Industria</b>	3,2%	0,0%	1,3%	4,4%	0,0%	11,6%	88,4%
<b>Construción</b>	3,0%	0,0%	1,3%	4,1%	0,0%	12,1%	87,9%
<b>Servizos</b>	64,6%	20,2%	52,7%	75,0%	2,4%	22,6%	75,0%
<b>Sen emprego anterior</b>	27,7%	79,8%	43,3%	14,7%	22,3%	43,3%	34,3%
<b>Total</b>	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%			

Fonte: elaboración propia a partir de indicadores de emprego do Instituto Galego das Cualificacións

Analizando a evolución do paro xuvenil no concello desde o ano 2008 ata o ano 2016, obsérvase na seguinte gráfica unha evolución crecente do número de mozos e mozas desempregados/as ata o ano 2010. A continuación prodúcese un punto de inflexión, con 347 persoas mozas menos en paro, para volver a aumentar un pouco no ano 2012. A partir de entón, comeza a producirse un descenso continuado do número de parados/as mozos/as de 16 a 29 anos. Esta evolución prodúcese para ambos os dous sexos.

**Gráfica 6. Evolución do desemprego xuvenil no concello de A Coruña por sexo. Período 2008-2016**



Fonte: elaboración propia a partir de estatísticas do Banco de datos municipal do IGE

### 3. INFRAESTRUTURAS E RECURSOS DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO E EMPRESA

O Servizo de Emprego e Empresa do Concello de A Coruña conta con varias **infraestruturas e equipamentos** para desenvolver as súas accións, entre as que se atopan as seguintes:

- Centro Municipal de Emprego, sito no barrio das Roseiras. Nestas instalacións dáselle cobertura aos servizos de orientación laboral e información para o emprego. Ademais, acolle as instalacións e medios para os obradoiros emprego, como por exemplo, de pintura, soldadura, carpintaría e novas tecnoloxías. A dispoñibilidade de equipamentos informáticos, salas de reunións e aulas de formación completan o abano de medios.
- Centro Municipal de Empresas, sito no Igrexario do Polígono da Grela. Este centro desde hai uns anos vén funcionando como viveiro de empresas, facilitando a instalación, equipamento e soporte para os primeiros pasos das novas persoas emprendedoras.
- Viveiro de Empresas Accede Papagaio, sito na rúa Hospital, que completa a oferta de instalacións, medios e servizos municipais para a promoción de novas iniciativas empresariais, especialmente no ámbito tecnolóxico.

Ademais, o Servizo municipal de Emprego e Empresa conta cun equipo de persoas que permite o desenvolvemento das accións e servizos baixo criterios de calidade.

#### RECURSOS HUMANOS:

- Dirección de área
- Funcionariado
  - Xefatura de Servizo
  - Xefatura de Departamento de Emprego
  - Xefatura de Departamento de Empresa
  - Xefatura de Sección de Formación
  - Técnica media coordinadora de programas.
  - Socióloga responsable do Observatorio Sociolaboral do Servizo
  - 2 técnicas superiores de Orientación Profesional
  - 2 técnicos/as Locais de Emprego
  - Técnica superior de Promoción Económica
  - Técnica media de Xestión Económica
  - Encargado de Instalacións
  - 3 auxiliares administrativos/asistentes de administración
  - Conserxe
  - Ordenanza
- Persoal contratado adscrito a programas temporais
  - Departamento de Emprego:

- ❖ Programa de Información e Orientación Laboral
  - 2 orientadoras laborais do programa de Itinerarios de inserción
  - 3 Orientadoras laborais do Servizo Público de Emprego
  - 1 orientador laboral do programa integrado Posto a Posto
  - 1 prospector laboral do programa integrado Posto a Posto
  
- ❖ Coruña Emprega
  - 1 Coordinadora
  - 2 Orientadores/as laborais
  - 2 Prospectores/as emprego
  - 1 Responsable administración/xustificación
  - 1 Administrativo/a
  
- Departamento de Empresa
  
- ❖ Viveiro Accede Papagaio e viveiro de A Grela
  - 6 Axentes de desenvolvemento

## 4. MATRIZ DAFO

A partir dos datos de contextualización económica e sociolaboral do municipio e as conclusións obtidas das persoas expertas e axentes clave participantes nas entrevistas e na Xornada de Traballo Participativa, obtense a matriz DAFO sobre a realidade da poboación xuvenil do municipio respecto do mercado de traballo.

As Debilidades e Fortalezas informan das carencias e vantaxes diferenciais dos mozos e mozas no mercado laboral e as Ameazas e Oportunidades amosan os factores positivos e negativos da contorna aos que terán que facer fronte coas súas capacidades.



Coa análise DAFO obtense unha visión global da situación real da empregabilidade da mocidade no municipio de A Coruña.



## DEBILIDADES

- ✘ **Emancipación tardía (por formación máis longa, falta de traballo, precariedade laboral...):** marca o desenrolo profesional da mocidade e condiciona o seu estatus de persoa adulta. Vida dependente durante máis tempo.
- ✘ **Falta de iniciativa para traballar en moitos mozos/as** por estar sobreprotexidos/as e acomodados/as (xeración “nini”).
- ✘ **Descoñecemento das súas propias carencias.**
- ✘ **Sen experiencia inicial (maior dificultade de inserción) ou reducida.**
- ✘ **Desmotivación cara o emprego** por incumprimento das súas expectativas laborais.
- ✘ **Descoñecemento da saída laboral á hora de decantarse por unha carreira.**
- ✘ **Formación moi teórica e pouca formación práctica que demanda as empresas.**
- ✘ **Falta de perspectiva de emprego á hora de acudir á formación.**
- ✘ **Baixo nivel de competencias dixitais básicas.** Descoñecemento de ferramentas informáticas de uso profesional VS uso habitual de redes sociais.
- ✘ **Falta de conciencia clara da informática como competencia básica para o emprego.** O mundo dixital percíbese como medio para comunicarse e non como instrumento de traballo.
- ✘ **Coñecemento insuficiente de idiomas estranxeiros.**
- ✘ **Menores de 25 anos, colectivo con menor adaptación ao mercado de traballo** polas súas capacidades insuficientes, menos centrados, máis afastados da realidade que demanda a empresa e menor capacidade de sacrificio/compromiso.
- ✘ **Mozos/as sen experiencia:** falta de habilidades sociais e de compromiso.
- ✘ **Mozos/as sen formación nin experiencia:** carecen de cualificación/estudos básicos, motivación baixa para participar en programas de emprego e con alto nivel de abandono (maiores dificultades de inserción).
- ✘ **Escaso espírito para emprender.** Temor ao fracaso e ás súas consecuencias (legais, económicas e de risco) e falta de motivación, competencias e medios.

## AMEAZAS

- ✘ **Perda de tecido empresarial** no municipio derivado da crise económica: redución do sector produtivo e industrial e tendencia aos servizos.
- ✘ **Nivel salarial baixo da cidade: menor capacidade de compra** da cidadanía e **reducido nivel de ingresos para as empresas locais.** Os salarios altos están nas empresas que exportan.
- ✘ **Mercado laboral na cidade parado ou moi lento.** Pouca demanda de mozos/as para traballar. A crise económica elevou o número de persoas paradas, que agora ocupan postos de traballo non cualificados antes ocupados por mozos/as sen experiencia.
- ✘ **A robotización:** implicará a desaparición dos postos de traballo de cualificación media/baixa.
- ✘ **Falta de visión metropolitana do mercado de traballo.** Excesiva fragmentación por municipios ou niveis competenciais das distintas administracións (Estado, Xunta de Galicia, Deputación, Concellos,...).
- ✘ **Falta dun modelo económico e social que xere sinerxías positivas** entre administracións, empresas, emprendedores/as e cidadanía.
- ✘ **Deficiente sistema de transporte público colectivo** na área metropolitana e polígonos industriais da cidade.
- ✘ **Falta de coordinación entre o catálogo de titulacións/opcións formativas que ofrecen o sistema educativo e formativo e os “nichos de emprego” que ofertan as empresas.**
- ✘ **Plan de estudos universitarios afastados da realidade empresarial:** contidos pouco prácticos e flexibles para adaptarse aos requirimentos das empresas.
- ✘ **Exceso de oferta de formación,** que fai aparecer o “bucle da autoformación” nos mozos/as, perdendo proactividade na busca dun emprego.
- ✘ **Alta taxa de precariedade laboral xuvenil** (retrasa a emancipación): emprego informal e emprego de baixa calidade (temporalidade, contratos a tempo parcial, subemprego para mozos/as máis formados/as, baixa retribución salarial para a mocidade con formación media). O acceso e condicións do primeiro emprego marca, en xeral, a evolución profesional do mozo/a.

## DEBILIDADES

- ✘ **Falta dun perfil multidisciplinar nos mozos/as emprendedores/as** (coñecemento de vendas, clientes...).

## AMEAZAS

- ✘ **Falta de inversión das empresas na formación inicial** que precisa a mocidade e **negativa ou restricións para facer de “mentores” dos mozos/as pouco formados e con pouca madurez.**
- ✘ **Moito emprendemento por necesidade** (por non atopar un emprego), sen coñecemento.
- ✘ **Dificultades burocráticas, cargas tributarias e falta de axudas** para emprender.
- ✘ **Dificultade para o acceso ao financiamento e ás axudas** directas das administracións.
- ✘ **Falta de apoios na fase de consolidación empresarial** (titorización continuada).
- ✘ **Exceso de información e solapamento das actividades e programas en materia de emprego e emprendemento** das distintas entidades. Duplicidade de servizos que confunde e desorienta á mocidade.
- ✘ **Distanciamento entre as entidades que destinan recursos ao fomento do emprego e as necesidades e demandas das empresas.**
- ✘ **Baixa efectividade das vías públicas de intermediación laboral.** Predominio do canal informal para atopar un emprego.
- ✘ **Orientación laboral non adaptada á realidade da xuventude:** necesario achegala máis aos centros formativos e á universidade para mellorar a súa efectividade.
- ✘ **Falta de ferramentas de empoderamento** para estimular ás persoas desempregadas mozas (marketing persoal).
- ✘ **Falta de coordinación interna entre áreas municipais.**
- ✘ **Falta de continuidade dos axentes sociais e orientadores laborais.** Falta de persoal suficiente e limitacións para desenvolver a profesión.
- ✘ **Descoñecemento da mocidade dos servizos municipais en materia de emprego e emprendemento e difícil acceso á información en materia de emprego do Concello** (coñecemento dos servizos principalmente por contactos, web municipal confusa e con dificultade para buscar información).
- ✘ **A dixitalización “incomunica” á mocidade, que non segue os canais de comunicación tradicionais que utiliza a Administración.**

## FORTALEZAS

- ✓ **Mocidade máis preparada:** universidade de calidade.
- ✓ **Gran capacidade de adaptación para o traballo e con ganas** de acceder ao mercado laboral.
- ✓ **Polo xeral, sen cargas familiares** que lle limiten o acceso ao emprego e á formación.
- ✓ **Maior adaptación ao novo dinamismo do mercado laboral** (mobilidade funcional e xeográfica e dispoñibilidade horaria).
- ✓ **Boa adaptación ás novas tecnoloxías**, adáptanse rapidamente.
- ✓ **Maior predisposición a traballar en contornas colaborativas.**
- ✓ **Mozos/as con ideas claras sobre o que queren e con inquietudes para desenvolver iniciativas.**
- ✓ **Emprendemento xuvenil máis planificado e reflexionado** que no caso de xeracións anteriores.
- ✓ **Emprendemento xuvenil en sectores TIC ou en sectores tradicionais con elementos innovadores.**

## OPORTUNIDADES

- ✓ **Dinamismo da cidade e a súa área metropolitana:** grande abanico de sectores e tipoloxía de postos de traballo.
- ✓ **Dimensión da cidade.** Amosar “A Coruña” como cidade líder da súa área metropolitana.
- ✓ **Universidade:** aporta mozos/as preparados/as.
- ✓ **Progresiva melloría dos indicadores económicos e perspectiva de recuperación de actividade económica na cidade e a súa área metropolitana.**
- ✓ **Dinamismo dos polígonos industriais da cidade e a súa área metropolitana.**
- ✓ **A tecnificación nos empregos:** fará aparecer postos novos e requirirá a formación dos mozos/as para cubrilos.
- ✓ **Existencia de sectores líderes a nivel mundial ou con potencial de crecemento (sector téxtil, sector TIC, enxeñaría, robótica, informática...)** que facilitan o desenvolvemento doutros sectores complementarios cun alto grado de especialización e valor engadido, e que supoñen unha gran oportunidade para a xuventude mellor formada.
- ✓ **Potencialidade do sector sanitario** (en torno ao CHUAC), **educativo** (en torno a Universidade da Coruña) e **do sector portuario** (en torno ao porto exterior de Langosteira).
- ✓ **Reactivación de sectores tradicionais e dinámicos da cidade que comezan a demandar persoas traballadoras mozas:** hostalaría e comercio (nichos para a inserción do colectivo xuvenil vulnerable), turismo, actividades de ocio e tempo libre, servizos, construción (require persoas de baixa cualificación) e sector loxístico e transporte (persoal envellecido e demanda persoal con capacitacións especiais, no que podería acollerse os mozos/as sen formación).
- ✓ **Envellecemento da poboación:** incrementará o nivel de emprego nos sectores vinculados á dependencia e coidados e demanda persoas traballadoras de cualificación media.
- ✓ **Novo mercado laboral caracterizado pola economía colaborativa e no compartimento de coñecementos na Rede.**
- ✓ **Aposta municipal polas iniciativas no sector TIC e proxectos innovadores** (por ex. Coruña Dixital).

## FORTALEZAS

## OPORTUNIDADES


- ✓ **Crise económica:** agudiza o emprendemento xuvenil creativo.
- ✓ **Fomentar e incentivar a figura da cooperativa e a colaboración entre os mozos/as.**
- ✓ **Difusión de proxectos de éxito de persoas emprendedoras mozas** para que sexan motivadores e exemplo para outras.
- ✓ **Existencia dunha rede de viveiros de empresas e centros de coworking na cidade** que acollen a emprendedores/as mozos/as e facilitan as súas etapas iniciais e reducen os seus custes. O seu dinamismo é fundamental.
- ✓ **Existencia de programas e actividades das administracións públicas para inculcar os valores do emprendemento en mozos e mozas da cidade.**
- ✓ **Accións específicas para adquirir competencias dixitais e espertar o seu interese en adquirilas.**
- ✓ **Potenciar o Pacto local polo Emprego** cun obxectivo común: a inserción laboral xuvenil no municipio.
- ✓ **Coñecemento dos servizos municipais en materia de emprego a través dos contactos persoais. Aproveitar as instalacións municipais nas que se atopa a mocidade como catalizadores** para facer chegar os programas de emprego aos mozos e mozas
- ✓ **Maior coordinación do Concello con outras entidades e proxectos** e aproveitamento de espazos e recursos municipais.
- ✓ **Apostar por programas de formación flexibles ás necesidades das empresas. Contacto do Concello coas empresas e compromiso con elas.**

## 5. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN DE EMPREGO XUVENIL

O Plan de Emprego Xuvenil estruturase en distintas *liñas estratéxicas* e *medidas* ou accións de traballo pensadas para facilitar o acceso ao mercado laboral da xuventude desempregada do municipio, mellorar a súa empregabilidade e fomentar o seu emprendemento.

Estas liñas e medidas de traballo quedan englobadas dentro dos oito eixes principais establecidos no Plan Municipal de Emprego e Economía Social que rexe actualmente a política de emprego no municipio de forma consensuada cos distintos axentes económicos e sociais da cidade.

**Eixes de actuación estratéxicos nos que se engloban as medidas do Plan de Emprego Xuvenil**



Para o fomento e impulso do emprego dos mozos e mozas de 30 anos ou menos, o Plan de Emprego Xuvenil reforza a integración dos esforzos das entidades asinantes do Pacto Local para o Emprego para promover medidas dirixidas a favorecer o acceso da xuventude ao mercado laboral

e o seu emprendemento e propón unha oferta máis ampla de estudos de prospección laboral dirixidos á mocidade, permitindo ter un maior coñecemento sobre as barreiras que atopan os mozos e mozas na súa inserción laboral e empregabilidade e como neutralizalas.


De forma transversal, as medidas propostas seguen os principios de calidade e innovación durante a súa implementación, medindo o impacto dos servizos municipais de emprego, intermediación laboral, formación e orientación na inserción laboral e emprendemento da xuventude, mellorando o plan de comunicación e difusión dos servizos e recursos municipais entre os mozos e mozas do concello e a busca da cooperación intramunicipal para o fomento da empregabilidade da mocidade.

Para acadar a efectividade das medidas propostas no Plan faise necesario contar con persoal coordinador para xestionalo adecuadamente, así como asignar outros membros ao equipo e apostar pola estabilidade e reciclaxe de coñecementos e protocolos de traballo do persoal técnico do Servizo municipal de Emprego e Empresa para ofrecer servizos de calidade en materia de emprego e emprendemento xuvenil.

O Plan inclúe tamén unha serie de medidas enfocadas a guiar aos mozos e mozas cara o seu futuro laboral, obter a súa primeira oportunidade laboral, impulsar a contratación xuvenil e promover o emprendemento da mocidade. Ademais fomentárase a cooperación interinstitucional entre o Concello e outras entidades do municipio e a súa contorna para fomentar o emprego e emprendemento xuvenil.

As estratexias transversais do plan de emprego reforzaranse tamén desde a perspectiva xuvenil e fomentárase a responsabilidade sociolaboral do Goberno municipal a través de medidas de sensibilización e concienciación empresarial en igualdade de oportunidades nas condicións laborais e no acceso ao emprego dos mozos e mozas e a visibilidade da situación do emprego e o emprendemento xuvenil a través da organización dun evento anual.

### 5.1. EIXE I. PARTICIPACIÓN CIDADÁ



#### LIÑA DE ACTUACIÓN 1. REFORZO E DINAMIZACIÓN DO PACTO LOCAL PARA O EMPREGO PARA O IMPULSO DO EMPREGO E EMPRENDEMENTO XUVENIL

##### OBXECTIVO

Coordinar esforzos e promover a cooperación do Concello co resto de entidades, axentes e colectivos sociais e económicos que integran o Pacto Local para o Emprego para o fomento e impulso do emprego e o emprendemento xuvenil.

Promover medidas a través de Orzamentos Reais e suficientes. Coordinación efectiva para multiplicar e crear vínculos entre os recursos existentes. Creación de grupos de traballo transversais. Comunicar e difundir a través das canles efectivas para a mocidade.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Colaboración e participación do Concello co resto de entidades asinantes do Pacto Local para o Emprego para o fomento do emprego e emprendemento xuvenil no municipio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación e integración dos esforzos das entidades asinantes do Pacto Local para o Emprego para promover medidas dirixidas a favorecer o acceso dos mozos e mozas ao mercado laboral e o emprendemento xuvenil.</li> <li>• Fomento e impulso da creación de sinerxías entre o Concello e os axentes sociais e económicos e resto de entidades asinantes do Pacto en beneficio do fomento do emprego e emprendemento da xuventude (realización de encontros, organización e posta en marcha de iniciativas e proxectos conxuntos relacionados cos mozos e mozas, intercambio de experiencias, dispoñibilidade de recursos e instalacións, etc.).</li> </ul>
<b>M2: Presenza da Concellería de Participación e Xuventude</b>	Contarase coa presenza, opinión e asesoramento da Concellería de Participación e Xuventude nas mesas de traballo, Comisións Institucional e Técnica e decisións do Pacto Local para o Emprego referentes a cuestións relacionadas co impulso e fomento do emprego e emprendemento xuvenil.

<p><b>M3: Continuación e mellora da comunicación efectiva e proactividade do Concello cara os axentes económicos e sociais da contorna relacionados coa xuventude para compartir sinerxías</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora e reforzo do contacto permanente do Servizo municipal de Emprego e Empresa cos axentes económicos e sociais:             <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Reunións técnicas periódicas para a posta en común de experiencias, ideas e actividades relacionadas co emprego e emprendemento da xuventude.</li> <li>→ Establecemento dunha lista de distribución, axenda virtual conxunta ou similar para xerar networking entre Concello e axentes para compartir e intercambiar informacións de cursos, eventos, ferramentas en materia de emprego e emprendemento dirixidos á mocidade de forma periódica.</li> </ul> </li> <li>• Sincronización con outras entidades e axentes sociais do ámbito do emprego e emprendemento xuvenil para que as medidas de uns e outros nesta área se complementen entre si e se compartan esforzos, medios de difusión en beneficio dos mozos e mozas que poden dispoñer dos servizos. Por exemplo, na programación das accións formativas impartidas entre as distintas entidades, de modo que se poida optimizar e aproveitar a utilización dos recursos e instalacións.</li> <li>• Identificación de axentes na cidade que traballan con e para a mocidade e traballar directamente con eles, en coordinación.</li> </ul>
--	---

**LIÑA DE ACTUACIÓN 2. FOMENTO DA COLABORACIÓN CON ENTIDADES E AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS QUE DESENVOLVAN PROXECTOS NO ÁMBITO DO EMPREGO E O EMPRENDEMENTO DA MOCIDADE**


**OBXECTIVO**

Impulsar a colaboración coas distintas entidades e axentes sociais e económicos que desenvolvan proxectos no ámbito do emprego e o emprendemento xuvenil, fortalecendo as liñas estratéxicas do plan.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<p><b>M1: Colaboración con entidades e axentes que desenvolvan proxectos no ámbito do emprego e emprendemento xuvenil</b></p>	<p>Buscarase a colaboración en programas e proxectos desenvolvidos por outras entidades e axentes económicos e sociais que compartan o obxectivo de fomentar o emprego e o emprendemento xuvenil.</p>



## 5.2. EIXE II. DIAGNOSE SOCIO-ECONÓMICA E PROSPECCIÓN LABORAL




### LIÑA DE ACTUACIÓN 1. IMPULSO DO OBSERVATORIO MUNICIPAL DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO CON ESTUDOS ENFOCADOS CARA A XUVENTUDE

#### OBXECTIVO

Impulsar o Observatorio Municipal de Emprego e Emprendemento con estudos enfocados cara a xuventude, ofrendo ao Servizo municipal de Emprego e Empresa, así como á área de Xuventude información sobre barreiras específicas que atopan no mercado de traballo os mozos e mozas de 30 anos ou menos e as medidas e actuacións específicas para neutralizalas.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Reforzo da desagregación por idade nos estudos recollidos no plan de emprego municipal para coñecer a situación laboral da mocidade</b>	Impulso na aplicación nos estudos de prospección laboral do Plan Municipal de Emprego e Economía Social da análise desagregada por idade para coñecer a situación e realidade dos mozos e mozas de 30 anos ou menos no mercado de traballo e as dificultades que atopan no acceso ao mercado laboral.
<b>M2: Desenvolvemento dunha oferta máis ampla de estudos de prospección laboral dirixidos á xuventude</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización dun estudo para sincronizar a formación da mocidade ante o crecemento futuro dos sectores produtivos dinámicos ou punteiros da cidade e a área metropolitana: análise da demanda futura de profesionais ou persoas traballadoras nas empresas, tanto de persoal cualificado como de perfil formativo medio, para anticiparse ao seu crecemento e capacitar aos mozos/as, para que cando este se produza, que os demandantes de emprego teñan a persoas coa formación requirida polas empresas. Esta actuación require un exercicio de planificación a longo prazo, estabilidade e un seguimento que o manteña adaptado ás variacións no ciclo económico e a identificación de actividades, profesións e tipoloxías de emprego que mesmo non existen na actualidade.</li> <li>Impulso na realización de estudos de diagnose sobre sectores dinámicos da cidade e a súa contorna e que poden xerar emprego xuvenil, para deseñar plans municipais de sensibilización a empresas para fomentar a contratación de mozos e mozas.</li> </ul>

### 5.3. EIXE III. CALIDADE E INNOVACIÓN



#### LIÑA DE ACTUACIÓN 1. ANÁLISE DO IMPACTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO E EMPRESA DESDE O ENFOQUE DA XUVENTUDE

##### OBXECTIVO

Coñecer e medir o impacto dos servizos municipais de emprego, intermediación laboral, formación e orientación para o emprego e emprendemento desde o enfoque dos mozos e mozas da cidade.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<p><b>M1: Medición e análise do impacto do Servizo municipal de Emprego e Empresa desde o enfoque da xuventude</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización dun estudo bianual, baixo a perspectiva dos mozos e mozas, sobre as accións e programas realizados polo Servizo municipal de Emprego e Empresa, efectuando medicións periódicas con enquisas ás persoas usuarias de 30 anos ou menos e análise da opinión do propio persoal técnico municipal para posteriormente, a partir dos puntos fortes e débiles detectados, deseñar plans de mellora dos mesmos. <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Representatividade por grupo de idade e sexo das persoas usuarias mozas dos servizos municipais de emprego, emprendemento e empresa.</li> <li>→ Impresións, expectativas e grado de satisfacción da xuventude usuaria destes servizos municipais e coñecer porque abandonan algún dos servizos.</li> <li>→ Rendemento dos servizos (incidencia na mellora da empregabilidade xuvenil).</li> </ul> </li> </ul>

## LIÑA DE ACTUACIÓN 2. MELLORA DO PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DOS SERVIZOS E RECURSOS MUNICIPAIS ENTRE A XUVENTUDE

### OBXECTIVO

Promover a visibilidade da xuventude no plan de comunicación municipal e mellorar a difusión dos servizos e recursos do Concello a disposición dos mozos e mozas.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Mellora da visibilidade da mocidade no plan de comunicación municipal</b>	Reforzo da visibilidade dos mozos e mozas nas comunicacións institucionais do Concello para a difusión dos servizos e recursos municipais, mediante o uso de imaxes e exemplos da xuventude nos medios informativos, campañas publicitarias e servizos municipais para que se sintan representados desde todos os ámbitos. Ter en conta a súa diversidade profesional e evitar o uso de exemplos/imaxes clásicas da mocidade en postos como dependente, camareiro/a, etc.
<b>M2: Impulso da difusión dos servizos e recursos municipais entre a xuventude</b>	Potenciación e mellora da difusión dos servizos e recursos do Concello entre os mozos e mozas a través de distintos canais de comunicación (web, redes sociais, carteleira...), das instalacións municipais dirixidas á xuventude (CMIX e outros locais) e das asociacións xuvenís, permitindo entrar en contacto directo coa mocidade.

## LIÑA DE ACTUACIÓN 3. REFORZO DO EQUIPO TÉCNICO DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO E EMPRESA E APOIO Á SÚA ESTABILIDADE E RECICLAXE DE COÑECEMENTOS E PROTOCOLOS DE TRABALLO

### OBXECTIVO

Reforzar o equipo técnico do Servizo municipal de Emprego e Empresa co número de efectivos suficientes e apoiar a súa estabilidade e reciclaxe de coñecementos e procedementos de traballo en torno a xuventude para ofrecer servizos de calidade en materia de emprego e emprendemento dos mozos e mozas.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Asignación de persoal técnico específico para o Plan de Emprego Xuvenil</b>	Reforzo do equipo técnico do Servizo municipal de Emprego e Empresa cunha persoa coordinadora responsable da posta en marcha e seguimento das accións encamiñadas á mellora da inserción laboral e emprendemento da xuventude recollidos no Plan de Emprego Xuvenil e de persoal de orientación e prospección laboral e persoal auxiliar administrativo de apoio.
<b>M2: Fomento da estabilidade do persoal técnico municipal nos servizos de Orientación Laboral, Prospección de Emprego e Asesoramento a Emprendedores</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desde o Concello tomaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade do persoal técnico competente da área de Emprego e Empresa en beneficio da calidade do servizo para a poboación xuvenil usuaria.</li> <li>Apoio para que o Servizo de Emprego e Empresa conte co persoal técnico suficiente e necesario para o cumprimento correcto das</li> </ul>

	<p>tarefas desenvoltas nel e darlle servizo ás persoas usuarias.</p>
<p><b>M3: Reciclaixe permanente dos coñecementos técnicos e relacionados coa xuventude do persoal municipal do Servizo de Emprego e Empresa</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguirase apostando pola formación continua do persoal técnico do Servizo municipal para manter os servizos apegados á realidade empresarial e social da cidade e a súa área metropolitana, ás necesidades da xuventude e á realidade do mercado de traballo, teñan coñecementos actualizados, reforcen a rede con outros axentes da cidade e fagan seguimento da xuventude beneficiaria para ofrecer o mellor servizo de emprego e emprendemento.</li> <li>• Desenvolverase un currículo formativo especializado en relación aos servizos prestados por cada perfil técnico do Servizo.</li> </ul>

#### LIÑA DE ACTUACIÓN 4. COORDINACIÓN E COOPERACIÓN INTRAMUNICIPAL PARA O FOMENTO DO EMPREGO XUVENIL

##### OBXECTIVO

Reforzar a coordinación entre as áreas municipais do Concello para lograr con éxito o fomento do emprego e emprendemento da xuventude.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<p><b>M1: Coordinación entre áreas municipais relacionadas coa xuventude e o emprego, emprendemento e empresa</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecerase un traballo interno coordinado e organizado entre ás distintas áreas municipais relacionadas coa xuventude (CMIX, Servizos Sociais...) e as relacionadas co emprego, emprendemento e empresa para cubrir lagoas e aproveitar recursos e tempos. <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Posta en marcha de protocolos entre as distintas áreas municipais implicadas para compartir informacións e recursos entre o persoal técnico (reunións periódicas, protocolos de traballo e comunicación, implementación de boas prácticas, etc.).</li> </ul> </li> <li>• Estableceranse medidas/liñas de emprego relacionadas coa mocidade en consonancia con outras áreas municipais para os que hai que ter en conta a súa opinión e asesoramento (Xuventude, Igualdade, Servizos Sociais. etc.).</li> <li>• Elaboración dunha guía de recursos e servizos municipais de cara o emprego e emprendemento xuvenil, con información de procedementos e protocolos de coordinación con outras áreas municipais relacionadas coa xuventude, o emprego e o emprendemento.</li> </ul>
<p><b>M2: Colaboración intramunicipal para o fomento e impulso do emprego e emprendemento xuvenil</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contarase coa opinión e asesoramento das outras áreas municipais implicadas á hora de definir e poñer en práctica accións concretas para o fomento e impulso do emprego e emprendemento xuvenil (Xuventude, Igualdade, Servizos Sociais. etc.).</li> <li>• Impulsaranse e desenvolveranse proxectos e accións conxuntas entre as distintas áreas municipais para o fomento do emprego e emprendemento xuvenil.</li> </ul>

### 5.4. EIXE IV. PROMOCIÓN DO EMPREGO



#### LIÑA DE ACTUACIÓN 1. MEDIDAS PARA GUIAR AOS MOZOS E MOZAS CARA O SEU FUTURO LABORAL

##### OBXECTIVO

Axudar aos mozos e mozas no descubrimento das profesións novas ou máis demandadas no mercado laboral e acompañalos no autocoñecemento das súas competencias e habilidades persoais para poder reconducirles cara o seu futuro traballo.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<p><b>M1: Accións dirixidas a guiar aos mozos e mozas cara o seu futuro laboral</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha dunha estratexia para orientar aos estudantes nas etapas máis iniciais da súa formación (primaria, secundaria) para axudarlles a identificar as novas profesións e a formación que require cada unha delas (os postos de traballo futuros son máis complexos de identificar polas persoas máis mozas) e tamén facer máis atractivas as ocupacións máis demandadas pero con escaso relevo xeracional polo seu descoñecemento ou falta de interese. Unha identificación da saída laboral nas primeiras fases da formación é a mellor garantía dunha boa inserción laboral posterior.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Organización de visitas ás aulas escolares de profesionais de actividades emerxentes e innovadoras ou con demanda pero sen relevo xeracional, para que presenten aos nenos e nenas nunha das sesións educativas (max. 1 h), a súa profesión e actividade, as súas experiencias e anécdotas, acercando á escola as profesións de futuro e con saída laboral. Neste caso tamén fomentárase o papel da muller neste tipo de actividades e achegarase algunha delas para que conte a súa experiencia.</li> <li>→ Fomento nas escolas do concello de visitas a empresas.</li> </ul> </li> </ul>

<p><b>M2: Accións para reconducir aos mozos e mozas no mercado de traballo</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofrecer unha ferramenta dixital, que a modo de Observatorio de Orientación Prelaboral, permita guiar á xuventude no ámbito de actividade/sector que máis se adapta ás súas competencias e teña saída laboral. A mocidade está perdida, non sabe cara onde ir e cales son as súas propias carencias. Esta ferramenta, a partir do perfil do mozo/a, permitiralle identificar automaticamente os sectores ou ocupacións relacionadas coa súa formación, capacidades e habilidades, indicarlle onde poder continuar completando a súa formación/currículo (necesidades formativas), presentaráselle ferramentas e recursos para orientarlle na busca de emprego, etc. Ao ser unha ferramenta dixital fomenta o uso das TIC entre a xuventude e permite unha maior flexibilidade no seu acceso.</li> <li>• Organización de talleres/dinámicas para axudar aos mozos/as para descubrir o seu talento e deseñar e estimular unha marca persoal para diferenciarse dos demais a partir das súas competencias. Coñecer en que se quere traballar fai máis eficaz a busca de emprego.</li> <li>• Traballar nos proxectos colectivos, na axuda mútua, nas cooperativas como modo de traballo. Non traballar só o plano da competición senon tamen o da colaboración.</li> <li>• Adaptación dunha guía de servizos dirixida á mocidade para mellorar a empregabilidade xuvenil, que permita dar a coñecer aos mozos e mozas o mapa de recursos municipais e externos en materia de emprego e emprendemento que existen no municipio e na súa contorna para saber onde dirixirse.</li> </ul>
--	---

## LIÑA DE ACTUACIÓN 2. REFORZO DA ORIENTACIÓN E CAPACITACIÓN DOS MOZOS E MOZAS PARA A MELLORA DA SÚA EMPREGABILIDADE

### OBXECTIVO

Mellorar os itinerarios integrais de emprego con enfoque nas necesidades da mocidade e as súas habilidades persoais e capacitación laboral para impulsar a súa empregabilidade, con prioridade aos colectivos con dificultades de inserción laboral e en risco de exclusión social.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<p><b>M1: Mellora dos itinerarios integrais de emprego con actuacións que teñan en conta as necesidades da xuventude</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reforzo no desenvolvemento de itinerarios integrais de emprego, cunha atención especial aos colectivos de mozos e mozas de grupos minoritarios e en situación de vulnerabilidade social e con dificultades de inserción laboral.</li> <li>• Deseño dun protocolo de orientación para o emprego da xuventude orientado ás súas necesidades e peculiaridades concretas e impulsando a súa autoestima e confianza durante o desenvolvemento dos itinerarios para que eles e elas se convertan en protagonistas activos do seu propio proceso de inserción sociolaboral e empregabilidade.</li> <li>• Medición e avaliación dos IPI a través de indicadores que permitan identificar por que en ocasións fallan, por que abandonan os mozos e mozas a orientación, a formación, etc. e reforzo do persoal para a titorización da xuventude e deseño e seguimento dos itinerarios de ser necesario.</li> <li>• Seguimento da formación curricular da persoa moza desempregada,</li> </ul>

	co que se evitará que os cursos sucesivos aos que asista non teña relación entre si e se compoñan de formacións dispersas sen coherencia.
<b>M2. Formación da mocidade desde a base</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación aos mozos/as de colectivos desfavorecidos e vulnerables (sen formación rematada, sen recursos económicos, inmigrantes, de etnias) para mellorar a súa integración, aumentar a súa capacidade de aprendizaxe, coñecementos básicos e aptitudes sociais.</li> <li>• Formación aos mozos/as en habilidades prelaborais, especialmente no caso da poboación de menor idade ou sen experiencia e/ou formación, especialmente en competencias básicas e transversais, por exemplo, formación en aptitudes e habilidades sociais para o traballo (responsabilidade, empatía, saber escoitar, traballo en equipo...) cun enfoque a longo prazo, non accións puntuais.</li> <li>• Talleres para reforzar a autoestima das persoas mozas sobre as súas capacidades reais e como expresalas e de motivación cara o traballo.</li> <li>• Formación en habilidades de liderazgo.</li> </ul>
<b>M3. Reforzo na capacitación da mocidade en novas tecnoloxías</b>	Mellora nos mozos/as das súas competencias no uso das novas tecnoloxías como ferramentas profesionais. A xuventude ten un bo manexo das redes sociais pero cada vez son máis necesarias nas empresas as aplicacións relacionadas coa xestión de redes, big data, programación, ciberseguridade, deseño web e multimedia... e mellorar o seu nivel de coñecementos informáticos a nivel básico e técnico.

### LIÑA DE ACTUACIÓN 3. AXUDAS PARA OBTER A PRIMEIRA OPORTUNIDADE LABORAL

#### OBXECTIVO

Axudar aos mozos e mozas sen ningunha ou pouca experiencia laboral a obter o seu primeiro emprego e aumentar as súas oportunidades de acceso ao mercado de traballo.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Reforzo de accións para facilitar a primeira experiencia laboral dos mozos e mozas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impulso de acordos de colaboración con empresas ou entidades para a realización de prácticas formativas nos laborais con mozos e mozas titulados/as, especialmente de colectivos con dificultades de acceso ao mercado de traballo ou risco de exclusión social.</li> <li>• Impulso da formación dual: continuación co desenvolvemento de programas de formación en oficios da mocidade sen capacitación, apostando pola formación nun certificado de profesionalidade en alternancia coa actividade laboral nunha empresa. Daráselle prioridade ao grupo de 26 a 30 anos (segundo datos estatísticos 1 de cada 4 dos mozos e mozas sen estudos básicos rematados teñen esa idade).</li> </ul>
<b>M2: Espazo para acompañar á mocidade en todas as necesidades relativas ao emprego e ao emprendemento.</b>	Creación dunha aula polivalente dirixida á mocidade, na que disporán dos recursos e ferramentas necesarias para axudarlles no seu proceso de inserción laboral de forma autodidacta, sexa de forma individual ou grupal (prensa e boletíns, ordenadores, Internet, wifi, escaner, fax, impresora, teléfono, cámara de fotos dixital...). Unha persoa dinamizará o centro, de modo que os mozos e mozas reciban toda a información e orientación

necesaria adaptadas ás súas necesidades.

## LIÑA DE ACTUACIÓN 4. MEDIDAS DE IMPULSO DA CONTRATACIÓN XUVENIL

### OBXECTIVO

Mellorar e impulsar a contratación dos mozos e mozas do municipio. e fomentar entre as empresas a súa contratación, con prioridade á xuventude de colectivos con maiores dificultades de inserción laboral ou en risco de exclusión social.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1. Incentivos para estimular a inserción laboral dos mozos e mozas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incentivo ás empresas que contraten mozos/as a través de estímulos “reputacionais” ou outras formulas de discriminación positiva (puntos en licitacións municipais, por exemplo).</li> <li>• Aplicación de fórmulas que axuden á contratación a través da Bolsa de emprego municipal (por ex. recoller nos CV, ou no envío deles ás empresas, información ao empresariado sobre axudas ás que pode acceder no caso de contratación de determinados perfís: programa de Garantía Xuvenil).</li> </ul>

## 5.5. EIXE V. PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO



### LIÑA DE ACTUACIÓN 1. IMPULSO DA INICIATIVA EMPRENDEDORA XUVENIL

#### OBXECTIVO

Difundir a cultura emprendedora entre a poboación moza, motivando á xuventude do municipio e apoiarlles con accións que estimulen as iniciativas emprendedoras na mocidade.



MEDIDAS	ACTUACIONES
<b>M1: Acci3ns de difusi3n da cultura emprendedora entre a mocidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Convenios de orientaci3n coa universidade para difundir a cultura emprendedora nas aulas.</li> <li>• Acci3ns encami3adas a visibilizar proxectos innovadores e de 3xito liderados por persoas mozas e despertar entre a xuventude o interese pola iniciativa empresarial e o autoemprego como alternativa de acceso ao mercado laboral:                     <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Organizaci3n de xornadas/seminarios para amosar e difundir proxectos innovadores e de 3xito dirixidos pola mocidade, que mediante relatorios ou mesas redondas, contar3n a s3a experiencia ao resto de mozos e mozas e a cidadan3a en xeral. Actividades espec3ficas no Centro Municipal de Emprego, Viveiros de Empresas, Centros C3vicos, participaci3n en xornadas, foros e eventos organizados na cidade...</li> </ul> </li> </ul>
<b>M2: Formaci3n a xuventude emprendedora en competencias mixtas</b>	Organizaci3n de paquetes formativos pr3cticos en competencias mixtas para emprendedores/as mozos/as: xesti3n empresarial para a s3a formaci3n t3cnica e en habilidades sociais e de comunicaci3n. Moitos emprendedores/as mozos/as son moi competentes en determinados campos pero carecen das habilidades comunicativas precisas para facer crecer o proxecto, delegar e crear equipos ou levar a xesti3n ordinaria da empresa.
<b>M3: Axudas ao emprendemento xuvenil</b>	Dese3o dun programa experimental de emprendemento que facilite o retorno dos mozos/as ao municipio despois dunha experiencia laboral internacional e te3an interese en crear a s3a propia empresa ou negocio en A Coru3a.

## LI3A DE ACTUACI3N 2. REFORZO DOS ITINERARIOS INTEGRAIS DE EMPRENDEMENTO DA XUVENTUDE

### OBXECTIVO

Mellorar os itinerarios integrais de emprendemento con enfoque nas necesidades da mocidade e as s3as habilidades persoais e capacitaci3n laboral para impulsar o seu emprendemento.

MEDIDAS	ACTUACIONES
<b>M1: Mellora dos itinerarios integrais de emprendemento tendo en conta as necesidades da xuventude</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reforzo no desenvolvemento de itinerarios integrais de emprendemento, co dese3o dun protocolo de orientaci3n adaptado 3s necesidades espec3ficas da xuventude que quere emprender identificadas a partir das s3as habilidades empresariais e carencias formativas.</li> <li>• Apoio nos itinerarios integrais de emprendemento coa Rede Mentoring do Concello, ofrecendo 3 persoa moza emprendedora a titorizaci3n cun mentor que lle acompañe no proceso e despois na consolidaci3n do negocio ou empresa.</li> <li>• Reforzo de recursos humanos para a titorizaci3n e dese3o dos itinerarios integrais de emprendemento da xuventude e o seu seguimento, as3 como o da formaci3n curricular da persoa moza emprendedora.</li> <li>• Medici3n e avaliaci3n dos itinerarios de emprendemento a trav3s de indicadores que permitan identificar por que en ocasi3ns fallan, por</li> </ul>

	que abandonan os mozos e mozas o emprendemento, a formación, etc. e reforzo do persoal para a titorización da xuventude e deseño e seguimento dos itinerarios de ser necesario.
--	---

### LIÑA DE ACTUACIÓN 3. MEDIDAS QUE FOMENTEN A VISIBILIDADE DO PAPEL DA XUVENTUDE EMPRENDEDORA NOS SECTORES ESTRATÉXICOS LOCAIS

#### OBXECTIVO

Fomentar a creación de iniciativas empresariais xuvenís nos sectores estratéxicos locais, visibilizando á poboación xuvenil emprendedora en sectores punteiros para o municipio.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Actuacións para o fomento da visibilidade da mocidade emprendedora nos sectores estratéxicos locais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Accións de fomento da visibilidade de persoas mozas emprendedoras en sectores punteiros e tractores do municipio (comercio de proximidade, hostalaría, asistencial e sanitario, loxístico, téxtil, TIC...) como motivación ao resto de mozos e mozas para incentivar o emprendemento como alternativa de acceso ao mercado laboral. Para elo, organizaranse xornadas nas que se invite á xuventude.             <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Organización de xornadas nas que se inviten a mozos e mozas con emprendemento nestes sectores, que mediante relatorios ou mesas redondas, contarán a súa experiencia á mocidade e a cidadanía en xeral.</li> </ul> </li> </ul>

### LIÑA DE ACTUACIÓN 4. OUTRAS MEDIDAS DE APOIO AO EMPRENDEMENTO DA MOCIDADE

#### OBXECTIVO

Realizar accións encamiñadas a axudar ao emprendemento de mozos e mozas.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Impulso de terrazas culturais como iniciativa innovadora para o emprendemento da mocidade</b>	Fomento e dinamización de terrazas culturais como iniciativas emprendedoras para a mocidade. Seguindo o modelo das terrazas dos bares, permitir ocupar espazos na rúa a iniciativas de carácter cultural para exercer a súa actividade nelas e atraer aos transeúntes, animar os barrios (por ex. escola de inglés, baile, fotografía, etc. ou librerías abertas).
<b>M2: Creación de zonas francas emprendedoras como estímulo para o emprendemento xuvenil</b>	Creación de distritos emprendedores especializados na cidade: especializar a cidade en áreas temáticas para dinamizar os barrios ou distritos con menor actividade a través de estímulos de competencia municipal para que se instalen empresas lideradas por mozos e mozas dun determinado sector ou perfil (cultura/arte, turismo, comercio,..., prestadores de servizos, etc.), combinado cun reforzo da especialización existente noutras zonas da cidade. Realizaranse accións de asesoramento e desenvolvemento dunha campaña e outros estímulos municipais (servizos, urbanismo...) para impulsar á mocidade para localizarse en determinadas zonas da cidade.

## 5.6. EIXE VI. COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL



### LIÑA DE ACTUACIÓN 1. ACCESO ESPECIAL DA XUVENTUDE NOS PROGRAMAS INTERINSTITUCIONAIS DE INSERCIÓN LABORAL RECOLLIDOS NO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

#### OBXECTIVO

Impulsar o acceso da xuventude do municipio de 30 anos ou menos nos programas interinstitucionais de inserción laboral recollidos no Plan Municipal de Emprego e Economía Social, priorizando aos mozos e mozas en risco de exclusión social e con dificultades de acceso ao mercado de traballo.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<p><b>M1: Acceso da xuventude aos programas interinstitucionais de inserción laboral recollidos no Plan Municipal de Emprego e Economía Social</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consideración dos mozos e mozas de 30 anos ou menos no acceso aos programas específicos de inserción laboral recollidos no Plan Municipal de Emprego e Economía Social, sobre todo se pertencen a colectivos con dificultades de inserción no mercado de traballo e en risco de exclusión social, :                         <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Obradoiros de emprego para a rehabilitación de equipamentos ou espazos municipais.</li> <li>→ Programas de inserción laboral dirixido a persoas con diversidade funcional.</li> <li>→ Programas de inserción laboral dirixidos a mulleres.</li> <li>→ Nos programas de inserción laboral da mocidade darase atención especial aos mozos e mozas pertencentes a colectivos vulnerables e con dificultades de inserción.</li> <li>→ Outros programas desenvolvidos.</li> </ul> </li> </ul>


## LIÑA DE ACTUACIÓN 2. COLABORACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS E AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS DA ZONA PARA O IMPULSO DO EMPREGO E O EMPRENDEMENTO XUVENIL

### OBXECTIVO

Colaborar e participar en proxectos supramunicipais cos distintos axentes, entidades e colectivos sociais e económicos do municipio e a súa contorna que inflúen de maneira directa e indirecta na inserción laboral e o emprendemento xuvenil.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Participación en proxectos supramunicipais xeradores de emprego e para a promoción da inserción laboral e emprendemento da xuventude</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Busca activa do Servizo municipal de Emprego e Empresa de colaboracións en programas e proxectos de ámbito supramunicipal con distintas administracións públicas da contorna e con outras entidades que compartan o obxectivo de fomentar o emprego e o emprendemento dos mozos e mozas.</li> <li>• Fomento na participación do Concello en proxectos europeos e transnacionais innovadores que incidan en programas de emprego e emprendemento xuvenil.</li> </ul>

## 5.7. EIXE VII. ESTRATEXIA TRANSVERSAL




## LIÑA DE ACTUACIÓN 1. REFORZO DA PERSPECTIVA XUVENIL NAS ESTRATEXIAS TRANSVERSAIS DO PLAN DE EMPREGO

### OBXECTIVO

Impulsar a perspectiva xuvenil nas estratexias transversais do plan de emprego que permitan a xeración e mellora do emprego da xuventude.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Impulso da participación das Concellerías de Xustiza Social e Participación e Xuventude nas estratexias transversais do Plan municipal de Emprego e Economía Social</b>	Contarase coa participación, opinión e asesoramento das Concellerías de Xustiza social e Participación e Xuventude en cuestións relacionadas co emprego e a mocidade no desenvolvemento das estratexias transversais do plan municipal.

### 5.8. EIXE VIII. RESPONSABILIDADE SOCIOLABORAL



#### LIÑA DE ACTUACIÓN 1. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN EMPRESARIAL NA CONSIDERACIÓN DA XUVENTUDE NO ENTORNO LABORAL

##### OBXECTIVO

Realizar accións, en coordinación coa área de Xuventude, encamiñadas a sensibilizar e concienciar ás empresas na contratación de mozos e mozas, o aproveitamento do talento xuvenil e a eliminación das desigualdades da idade e da experiencia laboral nas condicións de traballo.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Campañas de sensibilización empresarial para fomentar condicións de igualdade no mercado laboral para a xuventude</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha de accións concretas que axuden a promover entre as empresas a contratación de mozos e mozas, o aproveitamento do talento xuvenil, a aposta polos procesos de selección non discriminatorios (sen considerar a idade e o sexo, soamente as aptitudes, habilidades e capacidades da persoa para o posto) e o establecemento de condicións de igualdade laboral e calidade do emprego xuvenil e o mantemento de postos de traballo das persoas mozas.</li> </ul> <p>→ Campaña publicitaria e elaboración dun folleto informativo/de sensibilización para a súa difusión entre empresas.</p>

## LIÑA DE ACTUACIÓN 2. FOMENTO DA VISIBILIDADE DA SITUACIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDIMENTO XUVENIL NUN EVENTO ANUAL

### OBXECTIVO

---

Difundir e visibilizar a situación do emprego e emprendemento da xuventude no municipio nun evento anual, a través da programación dunha serie de actividades.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS
<b>M1: Campaña de visibilidade da situación do emprego e o emprendemento xuvenil a través dun evento anual</b>	Organización dun evento anual para fomentar a visibilidade da situación do emprego e o emprendemento dos mozos e mozas no municipio e a súa contorna, agrupando unha serie de actividades programadas ao longo do mes (relatorios, promoción do talento mozo, seminarios específicos dirixidos ás necesidades dos mozos/as para obter o seu primeiro emprego, organización de encontros das mocidade co empresariado para ter a oportunidade de entrar en contacto ou ser entrevistados/as, etc).

## 6. MATRIZ DE OBOECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN. INDICADORES DE AVALIACIÓN

A Matriz de Obxectivos Estratéxicos do Plan de Emprego Xuvenil (ver anexo 1) establece a partir dunha Matriz de Marco Lóxico (MLL) e un Cadro de Mando Integral, obtendo unha ferramenta de traballo que resume as principais características do Plan e permite á súa Comisión de Seguimento e Avaliación examinar a consecución e logro do Plan en todas as súas etapas.

Preséntase de forma sistemática e lóxica os obxectivos do Plan e as medidas estratéxicas que o compoñen. Serve para realizar o seguimento do seu desempeño, avaliando se os seus obxectivos se acadaron a través da revisión dos indicadores definidos para cada medida de actuación e definir os recursos que poden influír na súa consecución.

A Matriz defínese a partir dos seguintes aspectos:

- **Obxectivo xeral:** principal obxectivo que se quere acadar co Plan de Emprego Xuvenil a medio e longo prazo.
- **Obxectivos estratéxicos:** establecen os propósitos operativos, é dicir, os efectos ou resultados que se esperan obter como consecuencia da aplicación do Plan.
- **Medidas estratéxicas:** accións estratéxicas que deben realizarse para obter os obxectivos dentro dun período de tempo especificado. Para cada medida recóllese o seu código de identificación, facendo referencia ao número de eixe estratéxico (E), liña de actuación (L) e medida (M) na que se integra dentro do Plan (Por ex. E1.L1.M1).
- **Indicadores de verificación e seguimento:** parámetros ou magnitudes a medir ou ter en conta para coñecer ata que grado se compren os obxectivos estratéxicos establecidos e se acadan os resultados desexados.
- **Frecuencia de medición dos indicadores:** período de tempo no que se fai a medición dos indicadores de verificación e seguimento das medidas do Plan.
- **Recursos necesarios:** persoal municipal e outros recursos necesarios para acadar os resultados propostos.
- **Prioridade:** orde de prioridade da posta en marcha de cada medida.
- **Orzamento:** partida económica asignada a cada unha das medidas propostas.

## 7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Para a avaliación do Plan de Emprego Xuvenil, a Comisión de Seguimento e Avaliación, composta polo persoal asignado para o desenvolvemento do Plan (persoa coordinadora e persoal administrativo) e polo equipo técnico do Servizo de Emprego e Empresa da Concellería de Emprego e Economía Social (podendo contar co asesoramento de persoal da área de Xuventude), analizará o logro dos indicadores definidos na Matriz de Obxectivos Estratéxicos e de ser o caso, propondrá as modificacións que sexan necesarias, a fin de adaptar as medidas recollidas no documento para as súas futuras periodicidades.

O Plan de Emprego Xuvenil concretarase mediante plans de acción anuais con orzamentos concretos.

No seguimento do Plan terase en conta ademais da súa execución e resultados, a evolución da conxuntura socioeconómica no municipio e contorna e o seu impacto no ámbito do emprego.

Esta Comisión reunirse inicialmente, ao menos, trimestralmente e irá analizando de forma permanente a execución das liñas e medidas estratéxicas do Plan a partir dos indicadores recollidos para a súa avaliación e control.

Establecerase un calendario das reunións de seguimento e avaliación para o cumprimento dos obxectivos e os responsables de cada acción estratéxica responsabilizarase da súa área. Para cada reunión presentarase un informe sobre as actuacións levadas a cabo no período e os resultados acadados. Elaborarase unha memoria semestralmente que servirá de apéndice a unha xeral que se confeccionará á finalización do período de tres anos do Plan de Emprego Xuvenil.



## 8. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DO PLAN

Todas as medidas e accións estratéxicas contidas no Plan de Emprego Xuvenil serán presentadas e difundidas entre a poboación moza, os axentes económicos e sociais e o tecido empresarial, tanto do municipio como da comarca ou zona de influencia.

Primeiramente realizarase unha presentación pública do mesmo á cidadanía, aos axentes económicos e sociais da zona e as empresas locais mediante unha rolda de prensa na que se involucren os medios de comunicación públicos rexionais e tamén a súa difusión na web e Redes Sociais do Concello.

A continuación é de vital importancia realizar un mailing a través de correo electrónico, ou se se considera oportuno mediante correo postal, para a difusión das accións e servizos propostos no Plan de Emprego a todas as empresas locais e aquelas de maior influencia na zona, así como aos membros do Pacto Local de Emprego. Outro factor importante é a publicidade do Plan mediante o seu acceso desde a web municipal (PDF de descarga) e a súa difusión mediante anuncio ou cartel en centros educativos e instalacións ás que pode acudir os mozos e mozas, como centros xuvenís, cívicos, bibliotecas, etc.

Con posterioridade realizaranse contactos, vía telefónica e/ou visitas presenciais, aos axentes económicos, sociais e empresas máis representativas da zona para dar a coñecer este Plan e estes poderán contribuír tamén na súa difusión.

A vixencia do Plan de Emprego Xuvenil está previsto para o ano 2020, cunha revisión e actualización anual.

## 9. MEMORIA ECONÓMICA

O Plan de Emprego Xuvenil concrétese a través das distintas medidas de actuación estratéxicas que o compoñen, as cales teñen asignadas un orzamento concreto (previsto e proxección) ao longo do período 2018-2020 para a súa consecución.

MEDIDAS ESTRATÉXICAS		TIPO DE GASTO	ORZAMENTO 2018	ORZAMENTO 2019	ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO TOTAL
<b>CUSTE DO PERSOAL ASIGNADO AO PLAN DE EMPREGO XUVENIL</b>			<b>113.000,00 €</b>	<b>113.000,00 €</b>	<b>113.000,00 €</b>	<b>339.000,00 €</b>
	1 coordinador/a asignado/a ao PEX (coste salarial anual)	Persoal	41.000,00 €	41.000,00 €	41.000,00 €	123.000,00 €
	1 técnico/a de orientación laboral (coste salarial anual)	Persoal	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	75.000,00 €
	1 técnico/a de prospección laboral (coste salarial anual)	Persoal	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	75.000,00 €
	1 administrativo/a asignado ao PEX (coste salarial anual)	Persoal	22.000,00 €	22.000,00 €	22.000,00 €	66.000,00 €
<b>EIXE I. PARTICIPACIÓN CIDADÁ</b>						
EI.L1.M1	Colaboración e participación Concello co resto entidades Pacto Local Emprego para fomento e impulso emprego e emprendemento xuvenil	Persoal (1)				
EI.L1.M2	Presenza Concillería de Participación e Xuventude no Pacto Local	Persoal (2)				
EI.L1.M3	Continuación e mellora comunicación efectiva e proactividade Concello cara axentes relacionados coa xuventude para compartir sinerxías	Persoal (1)				
EI.L2.M1	Colaboración con entidades e axentes que desenvolvan proxectos emprego e emprendemento xuvenil	Persoal (1)				
<b>EIXE II. DIAGNOSE SOCIO-ECONÓMICA E PROSPECCIÓN LABORAL</b>			<b>38.000,00 €</b>		<b>28.500,00 €</b>	<b>66.500,00 €</b>
EII.L1.M1	Reforzo desagregación idade nos estudos plan de emprego municipal para coñecer a situación laboral da mocidade	Persoal (1)				
EII.L1.M2	Desenvolvemento oferta máis ampla de estudos de prospección laboral dirixidos á xuventude	Contrata	38.000,00 €	- €	28.500,00 €	66.500,00 €
<b>EIXE III. CALIDADE E INNOVACIÓN</b>			<b>16.891,67 €</b>	<b>14.774,17 €</b>	<b>22.774,17 €</b>	<b>54.440,00 €</b>
EIII.L1.M1	Medición e análise impacto Servizo municipal de Emprego e Empresa desde o enfoque da xuventude	Contrata			8.000,00 €	8.000,00 €
EIII.L2.M1	Mellora visibilidade da mocidade no plan de comunicación municipal	Persoal (1)(2)				
EIII.L2.M2	Impulso difusión dos servizos e recursos municipais entre a xuventude	Persoal (1) (2) e Contrata	12.301,67 €	10.184,17 €	10.184,17 €	32.670,00 €
EIII.L3.M1	Asignación persoal técnico específico para Plan de Emprego Xuvenil	Persoal (1)				
EIII.L3.M2	Fomento estabilidade persoal técnico municipal Servizo Emprego e Empresa e dotación de efectivos suficientes	Persoal (2)				
EIII.L3.M3	Reciclaxe permanente coñecementos técnicos e relacionados coa xuventude do persoal municipal Servizo de Emprego e Empresa	Contrata	4.590,00 €	4.590,00 €	4.590,00 €	13.770,00 €
EIII.L4.M1	Coordinación entre áreas municipais relacionadas coa xuventude e o emprego, emprendemento e empresa	Persoal (1)(2)				
EIII.L4.M2	Colaboración intramunicipal para o fomento e impulso emprego e emprendemento xuvenil	Persoal (1)(2)				
<b>EIXE IV. PROMOCIÓN DO EMPREGO</b>			<b>102.890,00 €</b>	<b>54.990,00 €</b>	<b>54.990,00 €</b>	<b>212.870,00 €</b>
EIV.L1.M1	Accións dirixidas a guiar mozos e mozas cara o seu futuro laboral	Persoal (1) e Contrata	3.450,00 €	3.450,00 €	3.450,00 €	10.350,00 €
EIV.L1.M2	Accións para reconducir mozos e mozas no mercado de traballo	Contrata	25.640,00 €	2.740,00 €	2.740,00 €	31.120,00 €
EIV.L2.M1	Mellora itinerarios integrais emprego con actuacións que teñan en conta as necesidades da xuventude	Persoal (1)(4)				
EIV.L2.M2	Formación da mocidade desde a base	Persoal (1) e Contrata	4.800,00 €	4.800,00 €	4.800,00 €	14.400,00 €
EIV.L2.M3	Reforzo capacitación da mocidade en novas tecnoloxías	Persoal (1) e Contrata	12.000,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €	36.000,00 €
EIV.L3.M1	Reforzo accións para facilitar primeira experiencia laboral mozos e mozas	Persoal (1)				
EIV.L3.M2	Centro de Emprego Xuvenil (aula polivalente)	Contrata	57.000,00 €	32.000,00 €	32.000,00 €	121.000,00 €
EIV.L4.M1	Incentivos para estimular inserción laboral mozos e mozas	Persoal (1)				
<b>EIXE V. PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO</b>			<b>38.820,00 €</b>	<b>36.820,00 €</b>	<b>36.820,00 €</b>	<b>112.460,00 €</b>
EV.L1.M1	Accións difusión da cultura emprendedora entre a mocidade	Persoal (1) (4) e Contrata	4.320,00 €	4.320,00 €	4.320,00 €	12.960,00 €
EV.L1.M2	Formación xuventude emprendedora en competencias mixtas	Persoal (1) e Contrata	9.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €	27.000,00 €
EV.L1.M3	Axudas ao emprendemento xuvenil	Persoal (1)(4), Contrata e axuda económica	15.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	45.000,00 €

MEDIDAS ESTRATÉGICAS		TIPO DE GASTO	ORZAMENTO 2018	ORZAMENTO 2019	ORZAMENTO 2020	ORZAMENTO TOTAL
EV.L2.M1	Mellora itinerarios integrais de emprendemento tendo en conta as necesidades da xuventude	Persoal (1)(5)				
EV.L3.M1	Actuacións fomento da visibilidade da mocidade emprendedora nos sectores estratéxicos locais (SEL)	Persoal (1) e Contrata (3)				
EV.L4.M1	Impulsar terrazas culturais como iniciativa innovadora emprendemento mocidade	Persoal (1) e Contrata	7.500,00 €	7.500,00 €	7.500,00 €	22.500,00 €
EV.L4.M2	Creación "zonas francas" emprendedoras como estímulo emprendemento xuvenil	Persoal (1) (2) e Contrata	3.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	5.000,00 €
<b>EIXE VI. COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL</b>			<b>636.850,80 €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>636.850,80 €</b>
EVI.L1.M1	Acceso da xuventude aos programas interinstitucionais inserción laboral Plan Municipal Emprego e Economía Social	Persoal (1) e axuda concedida	636.850,80 €			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proxecto Coruña Emprego Xoven (financiado polo Ministerio de la Presidencia)</li> </ul>		518.699,88 €	- €	- €	518.699,88 €
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Obradoiro de Emprego Garantía Xuvenil Coruña II (financiado pola Xunta de Galicia)</li> </ul>		118.150,92 €	- €	- €	118.150,92 €
EVI.L2.M1	Participación en proxectos supramunicipais xeradores emprego e para promoción inserción laboral e emprendemento xuvenil	Persoal (1)				
<b>EIXE VII. ESTRATEXIA TRANSVERSAL</b>						
EVII.L1.M1	Impulso participación Concellerías Xustiza Social e Participación e Xuventude nas estratexias transversais Plan municipal Emprego e	Persoal (1)(2)				
<b>EIXE VIII. RESPONSABILIDADE SOCIOLABORAL</b>			<b>8.324,00 €</b>	<b>4.993,00 €</b>	<b>4.993,00 €</b>	<b>18.310,00 €</b>
EVIII.L1.M1	Campañas sensibilización empresarial para fomentar condicións igualdade no mercado laboral para a xuventude	Persoal (1) e Contrata	3.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	5.000,00 €
EVIII.L2.M1	Campaña visibilidade situación do emprego e o emprendemento xuvenil a través evento anual	Persoal (1) e Contrata	5.324,00 €	3.993,00 €	3.993,00 €	13.310,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>954.776,47 €</b>	<b>224.577,17 €</b>	<b>261.077,17 €</b>	<b>1.440.430,80 €</b>
(1) Horas orzamentadas na partida de CUSTE PERSOAL ASIGNADO AO PEX						
(2) Horas de persoal municipal doutras áreas ou departamentos (Servizo Emprego e Empresa, CMIX/Xuventude, Igualdade, Recursos Humanos, Xurídico, Informática...)						
(3) Orzamento incluído na medida EV.L1.M1						
(4) Horas de persoal do Servizo de Emprego e Empresa						

## 10. CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN

Na cronoloxía que se amosa a continuación detállase o tempo estimado no período 2018-2020 para cada unha das actividades ou accións estratéxicas que comprenden o Plan de Empleo Xuvenil. Este timing fai a súa distribución considerando os catro trimestres do ano: xaneiro/marzo (1), abril/xuño (2), xullo/setembro (3) e outubro/décembro (4).

A selección do persoal técnico asignado ao Plan (unha persoa coordinadora do Plan e persoal administrativo) será realizado no último trimestre do ano 2017, para a execución das medidas do Plan no período 2018-2020.

Cada tres meses realizaranse reunións periódicas da Comisión de Seguimento e Avaliación do Plan para ir analizando a execución das medidas estratéxicas propostas a partir dos indicadores recollidos para a súa avaliación e control. En función dos resultados do seguimento, tomaranse as medidas oportunas e adaptarase o calendario de traballo en función destas.

			ANO 2018				ANO 2019				ANO 2020			
MEDIDAS ESTRATÉXICAS			1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
EIXE I	EI.L1.M1	Colaboración e participación Concello co resto entidades Pacto Local Empleo para fomento e impulso emprego e emprendemento xuvenil												
	EI.L1.M2	Presenza Concellería de Participación e Xuventude no Pacto Local Empleo												
	EI.L1.M3	Continuación e mellora comunicación efectiva e proactividade Concello cara axentes relacionados coa xuventude para compartir sinerxías												
	EI.L2.M1	Colaboración con entidades e axentes que desenvolvan proxectos emprego e emprendemento xuvenil												
EIXE II	EII.L1.M1	Reforzo desagregación idade nos estudos plan de emprego												
	EII.L1.M2	Desenvolvemento oferta máis ampla de estudos de prospección laboral dirixidos á xuventude												
EIXE III	EIII.L1.M1	Medición e análise impacto Servizo municipal de Empleo e Empresa desde o enfoque da xuventude												
	EIII.L2.M1	Mellora visibilidade da mocidade no plan de comunicación municipal												
	EIII.L2.M2	Impulso difusión dos servizos e recursos municipais entre a xuventude												
	EIII.L3.M1	Asignación persoal técnico específico para Plan de Empleo Xuvenil												
	EIII.L3.M2	Fomento estabilidade persoal técnico municipal Servizo Empleo e Empresa e dotación de efectivos suficientes												
	EIII.L3.M3	Reciclaxe permanente coñecementos técnicos e relacionados coa xuventude do persoal municipal Servizo de Empleo e Empresa												
	EIII.L4.M1	Coordinación entre áreas municipais relacionadas coa xuventude e o emprego, emprendemento e empresa												
	EIII.L4.M2	Colaboración intramunicipal para o fomento e impulso emprego e emprendemento xuvenil												

MEDIDAS ESTRATÉXICAS			ANO 2018				ANO 2019				ANO 2020			
			1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
EIXE IV	EIV.L1.M1	Accións dirixidas a guiar mozos e mozas cara o seu futuro laboral												
	EIV.L1.M2	Accións para reconducir mozos e mozas no mercado de traballo												
	EIV.L2.M1	Mellora itinerarios integrais emprego con actuacións que teñan en conta as necesidades da xuventude												
	EIV.L2.M2	Formación da mocidade desde a base												
	EIV.L2.M3	Reforzo capacitación da mocidade en novas tecnoloxías												
	EIV.L3.M1	Reforzo accións para facilitar primeira experiencia laboral mozos e mozas												
	EIV.L3.M2	Centro de Emprego Xuvenil (aula polivalente)												
	EIV.L4.M1	Incentivos para estimular inserción laboral mozos e mozas												
EIXE V	EV.L1.M1	Accións difusión da cultura emprendedora entre a mocidade												
	EV.L1.M2	Formación xuventude emprendedora en competencias mixtas												
	EV.L1.M3	Axudas ao emprendemento xuvenil												
	EV.L2.M1	Mellora itinerarios integrais de emprendemento tendo en conta as necesidades da xuventude												
	EV.L3.M1	Actuacións fomento da visibilidade da mocidade emprendedora nos sectores estratéxicos locais (SEL)												
	EV.L4.M1	Impulsar terrazas culturais como iniciativa innovadora emprendemento mocidade												
	EV.L4.M2	Creación "zonas francas" emprendedoras como estímulo emprendemento xuvenil												
EIXE VI	EVI.L1.M1	Acceso da xuventude aos programas interinstitucionais inserción laboral Plan Municipal Emprego e Economía Social												
	EVI.L2.M1	Participación en proxectos supramunicipais xeradores emprego e para promoción inserción laboral e emprendemento xuvenil												
EIXE VII	EVII.L1.M1	Impulso participación Concellerías Xustiza Social e Participación e Xuventude nas estratexias transversais Plan municipal Emprego e Economía Social												
EIXE VIII	EVIII.L1.M1	Campañas sensibilización empresarial para fomentar condicións igualdade no mercado laboral para a xuventude												
	EVIII.L2.M1	Campaña visibilidade situación do emprego e o emprendemento xuvenil a través evento anual												



